

**PROXECTO
DE
INNOVACIÓN LINGÜÍSTICA
EN
LINGUA GALEGA
elaborado
polo
IES "PERDOURO"
de
BURELA**

Burela, xullo de 2010

**PROXECTO
DE
INNOVACIÓN LINGÜÍSTICA EN LINGUA GALEGA
elaborado
polo
IES "PERDOURO"
de
BURELA
Burela, xullo de 2010**

O Equipo de Dinamización Lingüística do IES Perdouro de BURELA elaborou no seu día un Plano de Normalización Lingüística incluíndo unha serie de actividades para conseguir consolidar e mesmo ampliar, na medida do posíbel, os obxectivos que a normativa legal sinala e que foron incluídas no Proxecto Educativo de Centro, tras seren aprobadas con anterioridade no Claustro de profesores e no Consello Escolar.

En consonancia co citado Plano, e co obxectivo de profundizar no proceso de dinamización lingüística entre a comunidade educativa do instituto, en novembro de 2006 presentouse ao Consello Escolar un Proxecto de Innovación Lingüística en Lingua Galega.

O proxecto respondía á convocatoria conxunta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística para os centros que no curso académico 2006-2007 poñían en marcha programas de innovación coa finalidade de fomentar o uso do galego, axudar a mellorar a calidade dos rexistros lingüísticos e potenciar a valoración social da lingua galega. Realizado e avaliado positivamente aquel primeiro proxecto, en xuño de 2007 o Equipo Directivo do Centro solicitou do Seminario de Lingua e Literatura Galegas a dispoñibilidade para continuar os traballos xa realizados.

Agora, nesta nova convocatoria, en sesión celebrada o día 29 de xuño de 2010, a proposta de actualización para o próximo curso académico 2010-2011 foi presentada ao claustro e aprobada unanimemente por este.

Título do Proxecto: DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE BURELA:
INTERVENCIÓN DINAMIZADORA NA SANIDADE

Período de realización: Curso 2010-2011

Obxectivo de actuación: reforzo das expresións oral e escrita en lingua galega; fomento do plurilingüismo.

1.- Xustificación do proxecto. Estudo sociolingüístico do centro.

O IES Perdouro de Burela (con oferta educativa de ESO, Bacharelatos Tecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais; Programas de Cualificación Profesional Inicial; e Ciclos Formativos de Perrucaría, Mecanizado, Administración e Electrónica) recolle alumnado preferentemente do casco urbano deste concello monoparroquial.

No primeiro e segundo de ESO, o alumnado procede do colexio de referencia, o CEIP Virxe do Carme, con algunhas incorporacións de inmigrantes (especialmente de

procedencia caboverdiana e sudamericana. Nos últimos anos Burela recibiu a chegada dun considerábel número de indonesios, todos homes, que aínda non están integrados a nivel lingüístico). En terceiro e cuarto desta etapa, prodúcese unha continuidade, só levemente alterada pola incorporación de novos inmigrantes e ocasionalmente de alumnado tamén burelés procedente dos colexios privados de Foz.

No nivel de Bacharelato súmanse mozos e mozas dos concellos de Xove, Cervo e Alfoz e, nos ciclos formativos, a procedencia do alumnado é máis diversa. Nestas especialidades de Formación Profesional, o IES Perdouro recibe matrícula de toda a comarca comprendida entre Viveiro e Ribadeo.

O panorama sociolingüístico da comunidade educativa deste centro presenta unhas características especiais, totalmente diferentes das que se puidesen esperar en función da extrapolación do coñecemento dos usos lingüísticos imperantes nas comunidades educativas de centros homólogos doutras comarcas.

1.1.- Burela: unha aldea de 12.500 habitantes; un uso lingüístico en transformación.

O panorama sociolingüístico da vila de Burela encóntrase en proceso de **transformación planificada**. O proxecto de socialización elaborado polo IES Perdouro durante o curso 2005-2006 serviu de base motivadora para o “Modelo Burela de Planificación Lingüística”. Aprobado por unanimidade das forzas políticas locais, está ofrecendo resultados moi alentadores tanto na localidade como na súa área de influencia comarcal.

Conforme foi xa sinalado, Burela é un concello monoparroquial, totalmente urbano, que reúne unhas 12.500 persoas, coa media de idade mais xove de toda a Mariña.

En función dos coñecementos apriorísticos, o hábitat urbano e a incorporación de persoas procedentes doutras comunidades españolas (preferentemente de Asturias e Castela-León) implicarían un baixo e decadente uso da lingua galega. A realidade, porén, é ben diferente: a poboación burelesa presenta un dos máis elevados niveis de uso espontáneo do noso idioma. Nos patios das escolas ou dos institutos, nos parques e nos locais de ocio frecuentados pola mocidade, o galego é a lingua ambiental imperante.

Con todo, o elevadísimo nivel de uso espontáneo da lingua galega contrasta coa presenza aínda insuficiente do código escrito. Ao estilo do que ocorre con algunhas linguas amerindias –v.gr. o caso do guaraní no Paraguai-, o galego en Burela óese, mais visualízase menos.

Salvo as ocasionais publicacións escolares (*Maruxía e Nordés*), editadas con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, en Burela existiron poucos medios de comunicación local escritos en galego. Na actualidade, a oferta é emerxente. Ademais da publicación das festas patronais, hoxe éditanse en galego o blog do Colectivo Cultural Buri, as páxina webs da Sociedade Deportiva Burela (un dos logros do Proxecto de Innovación do curso 07-08) e do Burela F.S. así como o xornal deportivo a *Gazeta Laranxa*, de periodicidade quincenal e tirada de 5.000 exemplares.

Polo momento, na Igrexa a liturxia é ordinariamente oficiada en castelán, mais os resultados da reunión conxunta de traballo celebrada ao abeiro das actividades programadas no proxecto do curso 2007-08 abriron o camiño do cambio, que tamén se visualiza nas actividades do catecumenado. Desde a celebración da Misa Intercultural “Modelo Burela” (19-03-2009), oficianse en galego os oficios litúrxicos solemnes e o noso idioma está presente na totalidade das actividades paralitúrxicas organizadas na parroquia.

As asociacións culturais, que programaban actividades de carácter lúdico e recreativo, incluíndo só moi excepcionalmente algún acto destinado á divulgación bibliográfica, asumiron –por iniciativa do Proxecto de Innovación- o compromiso de promoción da cultura escrita en galego. O conxunto do alumnado –salvo casos particulares- só recibía os referentes de expresión escrita en galego nas aulas dos centros de ensino (libros de texto e obras de lectura obrigatorias), mais na actualidade tamén reciben unha influencia moi positiva por parte do Clube de Lectura da Biblioteca Municipal, impulsado por iniciativa do Proxecto de Innovación do IES Perdouro.

1.2.- Perfil do uso lingüístico do profesorado

O cadro de profesorado do IES Perdouro, formado por 60 docentes, presenta os seguintes grupos, en función do uso lingüístico de cada un deles:

a) **monolingües en castelán** (00 //AB). Pertencen a este grupo, profesores e profesoras procedentes de outras comunidades españolas así como docentes galegos provenientes de ambientes desgaleguizados en xeracións anteriores. É un grupo en regresión.

b) **pseudo-bilingües diglósicos** (A0//BA). Adscribense a este grupo (tamén en regresión), docentes procedentes de grupos sociais con lingua funcional en galego e que por diversas razóns non completaron o coñecemento da súa lingua espontánea coa formación no código escrito.

c) **pseudo-bilingües aditivos** (0B// AB). Son os docentes procedentes de grupos sociais desgaleguizados en xeracións anteriores, que non teñen o galego como lingua funcional espontánea, mais que recuperan o seu uso por vía culta. Traballan con textos en galego e transmiten actitudes positivas en favor do idioma e do seu proceso de recuperación. É un grupo en expansión.

d) **bilingües primarios** (AB//BA) ou secundarios (BA//AB). Son tamén grupos en expansión, que transmiten novos modelos de uso.

1.3.- Perfil do uso lingüístico das familias

O 81% do alumnado do IES Perdouro procede de **familias con uso lingüístico espontáneo e homoxéneo en galego**. Con independencia de que os proxenitores tivesen ou non recibido ensino-aprendizaxe da lingua galega na súa etapa escolar, o habitual é que pertencen ao grupo de semi-bilingües diglósicos (A0 // 0B) ou ao de pseudobilingües diglósicos, ademais da minoría privilexiada con competencia bilingüe.

Un 10% do alumnado procede de familias orixinarias de fora da Galiza, ben doutras comunidades do Estado Español ben doutros países do resto do mundo. Salvo no caso dos países da áreas lusófona e andina, son **familias con uso lingüístico espontáneo e homoxéneo en castelán**.

Facemos unha salvidade con respecto á área andina, porque algunhas familias procedentes desta –chegadas a Burela para traballar na pesca- utilizan espontaneamente as súas respectivas linguas amerindias (caso do guaraní e o quechua).

O 9% restante corresponde a familias mistas, nas cales unha parte é de procedencia galega e a outra ten a súa orixe noutras comunidades españolas ou en Portugal. Incluímos tamén aquí os casos de familias galegas con **uso lingüístico compartimentado**.

1.4.- Perfil do uso lingüístico do alumnado

En función do seu uso lingüístico habitual, o alumnado do IES Perdouro pode ser clasificado en dous grupos:

a) **uso maioritario do castelán.** É un colectivo próximo do monolingüismo. O seu uso da lingua galega redúcese ás actividades académicas na materia de Lingua e Literatura e naquelas outras con docencia e material de apoio no noso idioma. Representan un 14% do total do alumnado. Socioloxicamente proceden da inmigración interior (Asturias; Castela-León...) máis recente; da inmigración de países sudamericanos de fala hispana (Colombia; Perú e Arxentina); de movementos internos da poboación galega (familias da Galiza Atlántica) que chegan a Burela para traballar na sanidade, na pesca, no sector servizos ou na industria; e incluso doutros concellos da nosa comarca (Viveiro, Ribadeo, Cervo...).

b) **uso maioritario do galego (case de xeito exclusivo na expresión espontánea).** É un colectivo bilingüe, con uso maioritario do galego por motivación contextual. Representan un 86% do total. Consideramos relevante indicar que, alén do segmento de alumnado que representa a continuidade na transmisión interxeneracional (81%), neste grupo incluímos un 5% de alumnos e alumnas que no ambiente escolar se socializan en galego mais que teñen outro idioma para o uso familiar (castelán; crioulo caboverdiano).

2.- Obxectivos

2.a.- Xerais:

- Valorar a lingua galega como propia de Galiza, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.
- Analizar a realidade sociolingüística de Galiza, interpretando criticamente os factores que interveñen nela.
- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersonal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Utilizar a lingua galega para a comprensión, e para a elaboración, de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.
- Analizar as linguaxes específicas dos textos formulísticos, publicitarios e xurídicoadministrativos.

2.b.- Inmediatos:

- Manter –e fortalecer con novas incorporacións- a rede social dos colectivos cidadáns que subscriben as novas normas de uso lingüístico propostas neste proxecto de innovación.
- Redactar un proxecto de colaboración intercentros e transmitirllo aos institutos da Mariña co obxectivo de estudar a validez do Proxecto de Innovación para outras comunidades educativas.
- Elaborar un proxecto de integración de neofalantes, con vistas á súa implementación entre os membros da comunidade escolar non socializados en galego.
- Iniciar a localización e inventariado de documentos audiovisuais en galego emanados da sociedade civil burelesa.

☐ Continuar coa localización e compilación de documentos escritos en galego emanados da sociedade civil burelesa.

☐ Catalogar e clasificar os novos documentos en función de criterios temáticos e cronolóxicos, segundo os modelos establecidos.

☐ Catalogar e clasificar os nomes de familia da poboación de Burela en función de criterios temáticos e cronolóxicos, segundo os modelos establecidos.

☐ Socializar a existencia do Arquivo Documental, como fonte de coñecemento da tradición local e de consulta de modelos como fonte de apoio á elaboración de novos textos.

☐ Elaborar propostas de actividades didácticas para o aproveitamento pedagóxico do Arquivo Documental nas aulas.

☐ Reunir de novo os diferentes axentes sociais para coñecer as condicións de elaboración dos diferentes documentos.

- Difundir o Proxecto fóra de Burela.
- Dinamizar, facer público e recoñecer o uso do galego na área sanitaria de Burela e continuar con esta tarefa en todos os sectores cos que traballamos estes catro anos.

2.c.- Finais

☐ Avaliar a influencia do plano de actuación sociolingüística no nivel de uso do galego na produción textual xerada en Burela.

☐ Completar o Arquivo Documental do galego escrito en Burela.

☐ Continuar co Arquivo Audiovisual de Burela.

☐ Editar en formato audiovisual as actividades xeradas polo Proxecto de Innovación durante o curso 2009-2010.

☐ Dar a coñecer socialmente os nomes galegos e fomentar o seu uso.

☐ Divulgar a existencia do Arquivo Documental e disponibilizar a súa consulta e aproveitamento públicos.

☐ Ampliar e manter o sitio web (<http://centros.edu.xunta.es/iesperdouro/prinli06/pilindex.htm>) disponibilizado para a consulta dos fondos do Arquivo Dixitalizado ou para conseguir documentos modelo do tipo de texto necesario.

☐ Sensibilizar a sociedade civil na importancia da redacción en galego da documentación pública e privada...

- Valorar a difusión e aplicación do Proxecto dentro e fóra da Mariña.
- Avaliar, facer público e recoñecer o uso do galego na área sanitaria de Burela e en todos os outros sectores que xa o veñen facendo dende os inicios deste Proxecto continuador.

3.- Proxecto de Innovación

3.a.- Contidos.

a) Para todos os participantes:

1.-Dinamización lingüística nas actividades de carácter relixioso (coordina: Antón Niño, profesor de Relixión).

2.-O uso da lingua galega no patrimonio musical de Burela (coordina: Dolores O. Rodríguez, profesora de Música)

3.-Obradoiro audiovisual (coordinan: Esperanza Pernas, profesora de Tecnoloxía; e Margarita L. Periago, profesora de Electrónica).

4.-Irmandade da Fala: voluntariado lingüístico (coordina: Begoña R. Muñiz, profesora de Imaxe Persoal).

5.-Onomástica. (coordinan: Miruca Parga e Bernardo Penabade, profesores de Lingua e Literatura).

6.-Rede de centros da Mariña (coordinan: Carme Cociña, profesora no IES Monte Castelo; Mariano Chapel Gómez, profesor no IES Illa de Sarón).

7.-Dinamización lingüística nos clubs deportivos (coordina: Bernardo Penabade, profesor de Lingua galega e Literatura).

8.-Dinamización lingüística nos medios de comunicación (coordina: María José Andión Fontela, profesora de Lingua castelá e Literatura).

b) Para o profesorado de nova incorporación:

1.- Rede social de uso do idioma. Concepto de rede social. Aplicación local:

1.1.- Individualidades en rede.

1.2.- Colectivos en rede.

2.- Perfil sociolingüístico da poboación de Burela e da comarca da Mariña.

3.- Análise sociolingüística da comunidade escolar do IES Perdouro:

3.a.- Descrición dos grupos sociais en interacción.

3.b.- Os prexuízos lingüísticos. Identificación e tratamento.

3.c.- Cambio sociolingüístico. Estratexias de dinamización.

4.- Aproximación ao galego escrito en Burela.

3.b.- Metodoloxía de traballo.

a) Elaboración e entrega de convocatoria a todo o profesorado para reunión explicativa dos contidos e actividades do proxecto.

b) Exposición do programa de actividades a todo o profesorado disposto a colaborar e entrega da Guía de Recollida ás persoas de nova incorporación. Inicio do programa de formación do profesorado.

c) profesorado participante no programa entrega nas aulas a guía e explica o programa ao alumnado.

d) alumnado localiza documentos escritos e audiovisuais.

e) Profesorado e alumnado participan na recollida.

f) Profesorado e alumnado realizan a catalogación e clasificación.

g) Profesorado e alumnado participan no proceso de edición da documentación audiovisual.

h) Profesorado e alumnado organizan e participan no **IIIº Encontro Letra Viva**.

i) Profesorado e alumnado avalían os **resultados** de catro anos de **actividades de dinamización lingüística**.

- j) Profesorado, alumnado e axentes sociais participan nas **exposicións e reflexións** sobre os resultados da dinamización, este curso de forma especial na **sanidade**.
- k) Profesorado realiza avaliación do proxecto.

3.c.- Actividades.

Contidos:

- 1.- Continuación da recompilación e edición de documentación escrita e audiovisual.
- 2.- Continuación da dinamización de axentes sociais e activación da rede social.
- 3.- Dinamización do galego na sanidade.
- 4.- Difusión do Proxecto en concellos da Mariña, do resto de Galiza e alén da nosa Comunidade.
- 5.- Avaliación de resultados do período 2006-2010.

Desenvolvemento:

a) Fase Inicial

-Temporalización: setembro-décembro de 2010

-Secuenciación:

- 1) Constitución do grupo de traballo; explicación do proxecto ás novas incorporacións.
- 2) Realización da formación do profesorado que se incorpora.
- 3) CONCERTO MODELO BURELA: Concerto da Banda Dambara de Burela co motivo do seu décimo aniversario.
- 4) Preparación do IIIº Encontro Letra Viva.
- 5) Recolla de información sobre novos usos lingüísticos e avaliación dos mesmos, centrándonos na Sanidade (Medicina, Matronas, Enfermaría, Celadores, Administración, Limpeza, Mantemento, Cociña), sen esquecer os outros sectores (comercio, relixión, deporte, música, ...).
- 6) Recolla e estudo de materiais de temática sanitaria escritos en galego (memorias, informes, diagnósticos, rotulación, actas de Xunta de Persoal, actas sindicais). A recollida realizarase entre:
 - a) O persoal sanitario dos centros de saúde e do Hospital da Costa.
 - b) As persoas usuarias da infraestrutura sanitaria (moi especialmente entre as familias do alumnado).
- 7) Encontro con representantes de concellos lucenses (A Fonsagrada, Castro de Rei) para difundir o noso Proxecto.

b) Fase Intermedia

-Temporalización: xaneiro-maio de 2011

-Secuenciación:

- 1) Catalogación e selección de materiais.
- 2) Deseño de paneis (imaxes e textos didácticos).
- 3) Montaxe da exposición.
- 4) Inauguración.
- 5) Conferencia: Visión xeral do uso da lingua galega na área sanitaria de Burela.

- 6) Mesa redonda: Perspectivas de futuro do uso da lingua galega na área sanitaria de Burela. Intervención das forzas sindicais da área sanitaria.
- 7) Reportaxe audiovisual do traballo realizado na Fonsagrada e Castro de Rei.
- 8) Realización do IIIº Encontro Letra Viva.

c) Fase Final

-Temporalización: xuño de 2011

-Secuenciación:

- 1) Avaliación interna.
- 2) Acto público de valoración final.

3.d.- Medidas de divulgación entre a comunidade escolar.

- Fase de **presentación** da actividade: intervención pedagóxica do Seminario de Lingua e Literatura, con todo o alumnado de ESO e Bacharelato do centro (nalgún caso, co alumnado de ciclos). O programa de actividades será exposto ao claustro, ao persoal da administración e servizos; e tamén será comunicado á directiva da ANPA.
- Programaranse **encontros directos coas persoas da área sanitaria da localidade, así como con representantes dos concellos lucenses de A Fonsagrada e Castro de Rei**. Tanto estes encontros, como os actos públicos, serán divulgados entre a comunidade escolar mediante cartas, cartaces e notas de prensa.
- **Exposicións**: Estarán dirixidas a toda a comunidade escolar, que será informada e convocada a participar activamente.
- **Revista Maruxía**: tal e como se fixo coas convocatorias de 2007, 2008 e 2009, no número correspondente ás Letras Galegas de 2011 recollerase información sobre o Proxecto de Dinamización e o Arquivo Documental, describiranse os resultados de tres anos de dinamización lingüística e publicarase reportaxe-memoria sobre o desenvolvemento do proceso.

4.- Utilización de recursos do centro.

Por parte do Equipo Directivo do centro existe o compromiso de facilitar todos os recursos humanos e técnicos dispoñíbeis para o desenvolvemento do programa de innovación.

Inicialmente, utilizaranse a fotocopiadora, os ordenadores con escáner e as impresoras para reproducir, e no seu caso dixitalizar, a documentación.

No sitio web manterase a sección específica destinada a albergar o Arquivo Documental dixitalizado. O Arquivo Documental en papel continuará dispoñíbel no Seminario de Letras do centro.

Temporalmente, no recibidor do edificio principal poderán exporse en diversos paneis o conxunto dos textos recollidos. Nas exposicións didácticas poderáse contar co apoio do proxector de imaxes.

Como ocorreu durante os cursos 2008-2009 e 2009-2010, o centro disponibilizará a cámara de gravación -cos seus elementos accesorios-, un ordenador con programas de montaxe de vídeo e unha memoria dixital.

5.- Colaboración con outras entidades.

O Seminario de Lingua e Literatura Galegas e o Equipo de Dinamización Lingüística do IES Perdouro manteñen unha estreita colaboración con diversas entidades públicas e privadas do mesmo concello. Son numerosas as iniciativas de realización conxunta nos últimos anos, impulsadas polo noso centro educativo e apoiadas polas outras entidades ou, á inversa, impulsadas por outras entidades que solitaran a nosa colaboración.

Para a implementación deste programa pretendemos continuar colaborando coas seguintes entidades (sen prexuízo de ampliar a nómina durante o desenvolvemento do proceso):

- Centros de ensino: Escola Infantil Municipal; CEIP Virxe do Carme; CEIP Vista Alegre; IES Monte Castelo.
- Clubes Deportivos: Escolas Deportivas Municipais; S.D. Burela; Burela F.S.
- Asociacións Culturais: Colectivo Cultural Buril; S. R. D. Leticia; Asociación Cultural Os Matos; Asociación Xuvenil Palestina; Asociación Tabanka (de inmigrantes caboverdianos).
- Confederación de Empresarios Lucenses (Delegación local de Burela)
- Confraría de Pescadores e Asociación de Armadores (ABSA)
- Excmo. Concello de Burela.
- Partidos políticos e sindicatos con implantación local.
- Parroquia de Burela.
- Notaría.
- Imprentas: Gráficas Arfe, Gráficas Agustín Paz, Foto Sergio e Logavideo.

6.- Plano de avaliación.

O plano xeral de avaliación deste proxecto de innovación abarca catro planos específicos destinados: a) a avaliación do proceso; b) avaliación do plano de formación; c) avaliación pedagóxica; e d) avaliación sociolingüística.

6.1.- Avaliación do proceso:

Á parte de medir o nivel de consecución dos obxectivos xerais, inmediatos e finais, a avaliación do proceso debe clarificar como resultou:

- a participación do profesorado, especialmente dos membros do grupo.
- a participación do alumnado.
- a coordinación do proxecto.
- a eficacia das sesións de traballo.

6.2.- Avaliación do plano de formación:

Loxicamente, esta avaliación realizarase unicamente aos integrantes do grupo de traballo, que realizarán un cuestionario previo e finalmente observarán:

- a correcta adecuación de número de sesións e temporalización do plano de formación.
- o grao de validez das exposicións pedagóxicas e do material fornecido nas sesións teóricas.
- a colaboración do CEFORE.

6.3.- Avaliación pedagóxica:

Esta avaliación será realizada polos integrantes do Seminario de Lingua e Literatura Galegas. O obxectivo desta avaliación será valorar:

- o grao de validez e utilidade dos recursos elaborados.
- a utilidade pedagóxica do Proxecto de Dinamización e do Arquivo Documental.

6.4.- Avaliación sociolingüística:

Estará destinada a medir a influencia do proxecto de innovación no uso lingüístico ambiental tanto en Burela como no seu ámbito de influencia. Neste sentido, as probas de avaliación deberán estar orientadas a valorar:

- a influencia nos novos usos lingüísticos entre os sectores implicados.
- número de visitas á exposición documental.
- número de consultas do Arquivo.
- número de visitas do sitio web.

7.- Plano de formación do profesorado.

A formación do profesorado realizarase en **3 sesións teóricas e 4 sesións prácticas**. As primeiras celebraranse preferentemente os luns entre as 17:40 e as 18:40, aínda que ocasionalmente poderán realizarse noutro día da semana. O horario das sesións prácticas dependerá da disponibilidad dos axentes sociais alleos ao centro.

As sesións de formación dividiranse en tres bloques temáticos, en función da fase de desenvolvemento do proceso:

a) Actuación inicial:

Sesión 1ª: Exposición do proxecto e distribución de responsabilidades por grupos de traballo. Serán fundamentais os protagonistas-colaboradores cos que xa tivemos contacto no curso 2009-2010.

(XOVES, 23 de SETEMBRO de 2010; 18:00h.; biblioteca do IES Perdouro)

b) Actuación de formación teórica:

Sesión 2ª: Preparación do profesorado para o proceso de dinamización lingüística.

(LUNS, 27 de SETEMBRO de 2010; 18:45-20:15 h.; biblioteca do IES Perdouro)

Sesión 3ª: Preparación do III Encontro Letra Viva. Preparación do traballo de campo. Exposición do Guía coas normas de recompilación de textos (só para novas incorporacións).

(XOVES, 29 de SETEMBRO de 2010, 18:00h.; biblioteca do IES Perdouro.

c) Actividade de dinamización:

Sesión 4ª: “CONCERTO MODELO BURELA” da Banda Dambara (metade das pezas son galegas, outras castelás, unha catalá, unha vasca e unha anglosaxona).

(SÁBADO, 1 de OUTUBRO de 2010; 20:00h; Casa da Cultura de Burela)

Sesión 5ª: IIIº Encontro Letra Viva.

(XOVES 28 de abril, ás 20:00 horas na Casa da Cultura de Burela).

ACTIVIDADES:

- Intervención dos integrantes da Comisión Municipal de Planificación Lingüística.
- Proxección de documentais feitos con protagonistas-colaboradores de todos os sectores.
- Exposición de materiais escritos xunto coas biografías dos seus autores na área sanitaria de Burela.
- Conferencia e debate.
- Exposición textual. Resultados das experiencias de dinamización.

Sesión 6ª: Resultados da dinamización lingüística.

DATA: LUNS, 9 de maio, ás 18:45 na Biblioteca do IES PERDOURO.

ACTIVIDADES:

- Resultados das experiencias de dinamización. Intervencións de: a) Representación da área sanitaria de Burela; b) Representación dos distintos sectores de traballo da localidade; c) Representación dos grupos de traballo; d) Concelleira de Educación e Normalización Lingüística.

d) Avaliación:

Sesión 7ª: Avaliación xeral do proceso.

(LUNS 6 de XUÑO de 2011; 20:00 horas; Biblioteca do IES Perdouro).

Burela, 14 de xullo de 2010

A Coordinadora do EDL

coordinadora do proxecto

Vº Bº do Director

Asdo /Edelmira Mª Parga Valiña

Asdo/ María José Andión Fontela

Asdo/ Juan G. Sama Díez

ANEXOS

1. COLABORADORAS ESPECIAIS PARA O CURSO 2010-2011.

VICTORIA GARCÍA LEIRAS (Mondoñedo, 1958) é enfermeira desde 1979. Traballou primeiro no Hospital Xeral Calde e posteriormente nas Urgencias Extrahospitalarias de Monforte. Desde 1982 exerce en Burela. Actualmente, é a Coordinadora de Enfermaría do Centro de Saúde.

CÁNDIDA PICO FERNÁNDEZ (Frexulfe- O Valadouro, 1961). Posúe Bacharelato Superior e COU realizados no Instituto Feminino de Enseñanza Media (Virxe dos Ollos Grandes) de Lugo (anos 1975 ata 1979).

O curso 1979-1980 adicouno a preparar oposicións para a Administración Estatal.

No curso 1980-1981 matriculouse no Colexio Universitario de Lugo, na carreira de Bioloxía. Ao finalizar o curso abandonou, dado que a carreira non era o que esperaba e, non acadando os resultados suficientes para continuar con bolsa, voltou á residencia familiar.

No ano 1982 comezou a traballar de auxiliar administrativo nunha autoescola de Ferreira do Valadouro.

Dende o ano 1983 ata o 1986 traballou como autónoma na rama do comercio.

Dende abril de 1987 traballa como auxiliar administrativo no Hospital da Costa de Burela.

Naceu no seo dunha familia galegofalante e utilizou sempre o galego como lingua cotiá, tanto na súa época de estudante como agora no traballo.

A lingua galega escrita comezou a utilizala máis tarde, cando a Xunta autorizou a facelo para escritos remitidos ao territorio galego.

2. CONTACTOS XA REALIZADOS DURANTE AS SESIÓNS DE DINAMIZACIÓN DO CURSO 2009-2010.

1ª LISTAXE DE PERSOAS DA ÁREA SANITARIA DE BURELA QUE UTILIZAN O GALEGO NO TRABALLO, FALADO OU/E ESCRITO **HOSPITAL DA COSTA**

MEDICINA

1. Dr. Iago Villamil (medicina interna)
2. Dr. Montero (TRAUMATÓLOGO)
3. Dr. López (de Foz)
4. Dra. Rodicio e Dr. Silveira (pediatras)
5. Dra. Marisa ClaveRo (xinecóloga)
6. Dr. Núñez (urólogo)
7. Dra. Martínez (oftalmoloxía)

8. Dr. Carlos Fraga e Dra. Gorety Pazos (cuidados paliativos)
9. Dr. José Antonio López (anestesista)
10. Dr. Salvador Fojón Polanco (hoxe Xefe da Unidade de Transplantados no Juan Canalejo)
11. Dr. López Roca (urxencias)

AUXILIARES DE ENFERMARÍA

12. Pilar Méndez Arias (20 anos no hospital)
13. Elena Montes de la Hoz (Nois)
14. Victoria Río (de neuroloxía; fundadora da Asociación *Camiña*)

ATS

15. Dulce M^a López Campoamor (enfermeira de endoscopias; 25 anos no hospital; asturiana)
16. Felipe (enfermeiro de pediatría, neto de Noriega Varela)
17. Nita Peláez (supervisora da planta de traumatoloxía)

CONSULTAS EXTERNAS (A MAIORÍA DO PERSOAL EMPREGA O GALEGO)

18. Carme Tellado
19. Marisa Pérez (supervisora de consultas externas)

CELADORES (PERSOAL NON SANITARIO)

20. Manuel Yáñez Yáñez
21. Graciano Otero (membro da Asociación Pasada das Cabras; agora é celador en Ribadeo)
22. Dolores Docobo

ADMISIÓN

23. Todos en galego

TELEFONISTA

24. Fina Soto Louro (de Viveiro)

LIMPEZA

25. Bibiana Teijeiro
26. Paula Koster

LABORATORIO

27. Blanca Reimunde

COCIÑA

28. Pedro López Beade (leva 20 anos no hospital e é o xefe de cociña)

29. Persoal de cociña en xeral (pinches e cocíñeiros)

MANTEMENTO (entran mecánico, fontanero, electricistas)

30. Xosé Luís Geadá

3. MODELO DE CONVENIOS

D./Dna

....., con
Documento de Identidade....., domiciliado en, en
calidade de do colectivo..... EXPÓN:

1.- Que durante o curso académico 2009-2010 recibiu información do Proxecto de Innovación Lingüística do Instituto Perdouro e do Modelo Burela de Planificación Lingüística aprobado polo pleno do Concello desta localidade.

2.- Que se compromete a trasladar a información referente aos citados proxectos á asociación que representa.

3.- Que se compromete a trasladar ao Instituto Perdouro e ao Concello de Burela a vontade de colaboración do/da no proceso de dinamización lingüística a realizar durante o curso académico 2010-2011.

Burela, 24 de xuño de 2010.

Asdo.